

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE MARZO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de marzo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde presidente D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Autorízouse a concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería restaurante no edificio Mirador do Parque Rosalía de Castro.

- Adxudicouse a contratación dun seguro de vehículos e maquinaria do Concello de Lugo. Exp. Ref: 2024-C003-000039.

- Adxudicouse a contratación do alugueiro e mantemento de dez cabinas sanitarias para instalar en zonas verdes públicas, Exp. Ref. 2025-C004-000001.

- Aprobouse a delegación de competencias no concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas para a aprobación da modificación do contrato de obra de acondicionamento do contorno urbano entre as rúas de Cidade de Viveiro e Frei Plácido Rei Lemos, Lugo, Exp. Ref. 2023/C002/000013.

2. FOMENTO.- Aprobouse o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Lugo para incrementar o parque de vivenda protexida no Concello e tamén se aprobou o convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade para o mantemento do centro de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero dependente do Concello.

3. PERSOAL.- Aprobouse o nomeamento dun funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de celador CEIP (Grupo de titulación: Grupo AP; Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac7622550196598167472.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2025

4. BENESTAR SOCIAL.- Aprobouse a convocatoria de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro (ano 2025).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.